

***O Tributo ó César* de Michiel Coxcie no Museo de Pontevedra**

*O Tributo ó César*¹, un lenzo asinado e datado polo pintor romanista Michiel Coxcie (Malinas-Bélxica, 1499-1592)², alcumado polos seus contemporáneos como o “Rafael dos Países Baixos”, acaba de incorporarse ó Museo de Pontevedra. O cadro, que pertenceu orixinalmente á colección do rei Felipe II, chega ó Museo como doazón de Dna. Milagros Pedrosa Roldán.



¹ O cadro ingresou no Museo o 11 de xullo de 2013 e foi asentado no Libro de Rexistro Xeral co nº 18.070.

² Van Mander, K., *The lives of the Illustrious Netherlandish and German Painters* (edición de Hessel Miedema), vol. I. Doornspijk, Davaco, 1997, p. 292 (f.º 258v, 8-13); Ollero Butler, J., “Miguel Coxcie y su obra en España”, *Archivo Español de Arte*, nº 190-191, 1975, pp. 196-197; Fernández Soriano, V., “Michel Coxcie, pintor grato a la casa de Habsburgo” en *Archivo Español de Arte*, LXXXI, 322, abril-xuño 2008, pp. 165-196.

Un dos máis influíntes e solicitados artistas de seu tempo, o moi lonxevo Michiel Coxcie, que gozou do recoñecemento mecenado dos Habsburgo, destacou como pintor, tanto de retratos como de escenas alegóricas e relixiosas, ademais de como deseñador de vidreiras e tapices³.

Fillo de pintor, despois dunha probable formación inicial en Bruxelas con Bernard Van Orley, Coxcie viaxou a Roma onde permaneceu dende 1530 ata 1539. En Roma, onde coñeceu a Vasari e foi admitido en 1534 como membro da Academia de San Lucas, traballou nun desaparecido fresco da *Resurrección* na vella basílica de San Pedro e, en 1532 por encargo do cardeal Willem Enckenvoirt, na decoración da capela de Santa Bárbara da igrexa de *Santa María dell'Anima*. Neses anos, interésase especialmente polo estudo da pintura de Rafael e manifesta unha particular facilidade para imitala. Inspirándose nos deseños de Rafael para a Logia da *Villa Farnesina*, realizará unha destacada serie de 32 obras nas que desenvolve a *Fábula de Psique* e que, gravada por Agostino Veneziano e Benedetto Verino, se edita en 1532⁴.

En 1539 regresa ós Países Baixos. No 1542 instálase en Bruxelas e ingresa na Gilda de pintores da cidade. Coxcie — que casou en dúas ocasións e tivo varios fillos, dos que Raphaël, Willem e Michiel II foron pintores e Anna escultora — introduce en Flandes un estilo de pintura inspirada no Manierismo italiano na que, na liña dos romanistas de Amberes, perduran elementos tipicamente nórdicos. Na súa abundante produción, na que predominan os temas relixiosos e bíblicos, que supón o elo entre a pintura dos primitivos flamencos e o barroco de Rubens, evidencia a grande influencia das formas italianas. No seu estilo, ese forte acento italiano é múltiple e non se limita unicamente ó romano xa que, xunto á especial fascinación por Rafael e a pintura vaticana, mostra tamén a súa admiración por Leonardo e artistas venecianos ou toscanos, como Miguel Anxo, Andrea del Sarto, Sebastiano del Piombo ou Bronzino⁵.

En 1546 Coxcie era xa Pintor de Corte da gobernadora María de Hungría, irmá de Carlos V. Para ela realizará, ademais de varios retratos de membros da familia real e numerosas obras para o castelo de Binche, onde coincide con Tiziano⁶, a copia do *Descendemento* de Rogier Van der Weyden destinada a substituír ó orixinal na capela da corporación de besteiros de Nosa Señora da Vitoria de Lovaina que, posteriormente, sería enviada a España⁷. Realizou tamén os cartóns para as vidreiras da capela do Santo

³ Campbell, T.P., *Tapestry in the Renaissance: Art and Magnificence*, New York, The Metropolitan of Art, 2002, pp. 394-402.

⁴ Escobar Borrego, F.J., *El mito de Psique y Cupido en la Poesía Española del s. XVI*. Sevilla, Universidad de Sevilla, 2002, pp. 48-51; Gregory, S., *Vasari and the Renaissance*, Surrey, 2012, pág. 30.

⁵ Ollero Butler, J., *op. cit.*, pp. 170-171; Campbell, T.P., *op. cit.*, páx. 395.

⁶ Mancini, M., *Ut pictura poesis: Tiziano y su recepción en España*, Madrid, Universidad Complutense, 2010.

⁷ Diéguez Rodríguez, A., “Precisiones a la historia documental de las copias de Michiel Coxcie del Descendimiento de Roger Van der Weyden en las colecciones reales” en *Quintana*, nº 9, 2010, pp. 105-117; Bermejo Martínez, E., *La Pintura de los Primitivos Flamencos en España*, t. I. Madrid, CSIC, 1980, p. 106; Ollero Butler, J., *op. cit.* pp. 196-197.

Sacramento da colexiata de Santa Gúdula de Bruxelas e en 1550, en substitución de Pieter Coecke van Aelst, foi nomeado director xeral da prestixiosa fábrica de tapices de Bruxelas, posto que detivo ata 1563 ano no que, reemprazado por Pieter De Kempeneer, regresa á súa Malinas natal⁸.

A través de María de Hungría, Michiel Coxcie entra en contacto con Carlos V, que o considerará un dos seus artistas favoritos, e con Felipe II que o nomeará Pintor de Corte. É probable que Coxcie coñecera ó mozo Felipe durante as viaxes que este, como príncipe herdeiro, realizou ós Países Baixos a mediados de século. En calquera caso, con ocasión da súa segunda estancia, Felipe II encárgalle en 1557 a copia do políptico do *Cordeiro Místico* de Van Eyck da Catedral de San Bavón de Gante, unha das súas pinturas máis coñecidas que, terminada en 1559, sería enviada despois a Madrid e situada na capela do Alcázar⁹.

A partir destas datas Felipe II, ó tempo que herdaba en 1558 as pinturas de María de Hungría e as que o seu pai tiña do artista no seu retiro do Mosteiro de Yuste, comezou a encargarlle cada vez maior número de traballos¹⁰. Moitos deles pasarían a acrecentar as coleccións escurialenses ou os Reales Sitios, e outros serían enviados polo monarca a distintos lugares, como as catro escenas da vida de Xesús, firmadas polo artista en 1581, que Felipe, tamén rei de Portugal, destina á Catedral de Funchal en Madeira¹¹.

Dende a década de 1560 e ata a súa morte, o pintor, aínda que parece que nunca viaxou a España, mantivo unha moi boa relación co Rei quen lle tivo en grande estima. O inicio dese vínculo propíciase Antoine Perrenot de Granvelle, *Granvela*, Arcebispo de Malinas en 1559 e Cardeal en 1561, un poderoso personaxe que destacou na Corte como mecenas dos máis destacados artistas flamencos da época, e que en 1563 recomenda a Coxcie ante o monarca. Cos anos, parece que esa relación chegou a ser moi estrita, e sorprende que Felipe chegue a intervir en 1569, primeiro a través de Granvela e despois persoalmente, ante a Inquisición de Roma para conseguir que seu fillo, Willem Coxcie, que tiña sido condenado a galeras en Italia, fose finalmente liberado¹².

No decidido apoio real ó artista tampouco sería alleo o recoñecemento á postura adoptada por Michiel Coxcie ante o conflito político-relixioso aberto en Flandes a partir de 1566. Fervoroso católico, nese ambiente marcado pola loita suscitada tralo Concilio de Trento entre a reforma luterana e a Contrarreforma, o pintor, pese a residir en Malinas, un dos principais focos da revolta, mantense fiel ás súas convicións relixiosas e ó rei de España. Despois dos disturbios iconoclastas, esta fidelidade valeralle non só multitude de encargos

⁸ Campbell, T.P., *op. cit.*, páx. 395.

⁹ Ollero Butler, J., *op. cit.*, p. 196; Fernández Soriano, V., *op.cit.*, pp. 193-194; Checa Cremades, F., *Felipe II, Mecenas de las Artes*. Madrid, Nerea, 1993, p. 154; AA. VV., *Felipe II, un monarca y su época. Un príncipe del Renacimiento*. Madrid, Sociedad Estatal para la Conmemoración de los Centenarios de Felipe II y Carlos V, 1998, p. 478.

¹⁰ Ollero Butler, J., *op. cit.*

¹¹ Fernández Soriano, V., *op.cit.*, páx. 194.

¹² Ollero Butler, J., *op. cit.*, pp. 168, 196; Fernández Soriano, V., *op.cit.*, pp. 194-195.

para las igrexas católicas de Amberes, Malinas e Bruxelas, senón tamén a protección del Duque de Alba, gobernador dos territorios entre 1567 e 1573, e o aprecio do Rei que aínda en 1589, preocupado ante o deterioro da situación económica do vello artista, asignaralle unha renda vitalicia¹³.

Superados os noventa anos Coxcie, ben por amor ó seu oficio ou, talvez, por necesidade, continúa pintando. A súa última obra, datada en 1592, é o *Tríptico da Lenda de Santa Gúdula*, hoxe conservado na catedral de Bruselas, que contén no reverso dun dos paneis laterais o único retrato coñecido de Felipe II pintado por el. Pouco despois, falece accidentalmente ó caer dun andamio, mentres traballaba na restauración do *Xuízo de Salomón* que nove anos atrás tiña realizado para o concello de Amberes¹⁴.

O Tributo ó César

Un ano despois da morte do artista, *O Tributo ó César*, que agora se incorpora ó Museo de Pontevedra, chega a El Escorial formando parte da última grande entrega que para o ornato do Mosteiro realizará en vida Felipe II¹⁵.

Na documentación correspondente a esta Entrega 6ª (143-144), datada o 8 de xullo de 1593, aparece relacionado un cadro co mesmo tema: *Un lienço al ollio de Cómo los fariseos preguntaron a Christo nuestro Señor a quién auían de pagar la moneda; buena pintura; tiene de alto bara y cinco sesmas y de ancho otro tanto; en su marco, con molduras; sirve de retablo en la capilla de la casa del Quexigar*¹⁶.

Aínda que na Entrega non se especificaba a autoría da obra, case dous séculos despois cando, a finais de 1765 ou comezos de 1766, Antonio Ponz visita o Quexigal, constata a permanencia do lenzo na mesma capela e, ademais, le nel a sinatura do artista, polo que no segundo tomo do seu *Viage de España*, escribe: *Hay un original de Miguel Cusin (sic) en el oratorio*¹⁷.

A devesa de El Quexigal, situada a uns 30 km de El Escorial, entre Robledo de Chavela (Madrid) e Cebreros (Ávila), era unha das grandes propiedades coas que Felipe II dotou a

¹³ Ollero Butler, J., *op. cit.*, pp. 169, Fernández Soriano, V., *op.cit.*, páx. 195-196.

¹⁴ Ollero Butler, J., *op. cit.*, pp. 169.

¹⁵ Checa Cremades, F., “La decoración del Monasterio de El Escorial” en *Felipe II, un monarca y su época. Un príncipe del Renacimiento*. Madrid, Sociedad Estatal para la Conmemoración de los Centenarios de Felipe II y Carlos V, 1998, páx. 140; Bonaventura Bassegoda i Hugas, B., *El Escorial como Museo. La decoración pictórica mueble en el monasterio de El Escorial desde Diego Velázquez hasta Frédéric Quilliet* (1809), Barcelona, 2002, páx. 26.

¹⁶ Zarco Cuevas, J., “Inventario de las alhajas, relicarios, estatuas, pinturas, tapices y otros objetos de valor y curiosidad donados por el Rey Felipe II al Monasterio de El Escorial. Años de 1571 a 1598 (Conclusión)” en *Boletín de la Real Academia de la Historia*, tomo 97, 1930, páx. 60, nº 1.301.

¹⁷ Ponz, A., *Viaje de España*, tomo II, Madrid, 1773, Carta VII, páx. 272.

fundación do Real Mosteiro¹⁸. Xestionada polos monxes Xerónimos, a enorme facenda contaba cunha casa pazo, construída por Juan de Herrera en 1563, na que frecuentemente se aloxaba o Rei nos seus desprazamentos cara a El Escorial, polo que non resulta estrano que a capela da casa estivese presidida pola pintura dun dos seus artistas predilectos.

Trala Desamortización de Mendizábal de 1836, El Quexigal véndese e a finca pasa por diversos propietarios, entre outros, a familia Sáenz de Heredia e Valenzuela. En 1926, foi adquirida por Trinidad Scholtz-Hermensdorff, duquesa de Parcent. A duquesa, baixo a dirección do arquitecto Luis Bellido, realiza unha importante reforma do edificio e, máis tarde, cédesse á súa filla Piedad, princesa de Hohenlohe. En decembro de 1956 a casa, considerada como a residencia de campo máis luxosa de Europa, sufriu un grave incendio, que a destruíu totalmente e no que se perderon grande parte das valiosas obras de arte que a ornaban¹⁹. Trala súa reconstrución, e despois dun curioso proxecto que en 1965 propuxo a instalación alí dunha estación de seguimento de naves espaciais, finalmente, a casa e o seu contido foron subastados pola familia Hohenlohe en 1979²⁰.

Descoñecemos en que momento o *Tributo ó César* de Michiel Coxcie abandonou a súa primitiva localización na capela de El Quexigal pero, afortunadamente, non se atopaba alí cando se produce o incendio da casa xa que foi adquirido en 1950 pola familia que agora efectúa a doazón ó Museo de Pontevedra.

En 1975 Jacobo Ollero Butler, no seu pioneiro traballo sobre a obra de Coxcie en España, identifica e cataloga o cadro, que ata entón permanecía inédito, e publica por primeira vez, unha fotografía do mesmo, aínda que na publicación a imaxe aparece invertida²¹.

A pintura, un óleo sobre lenzo de 161 x 160 cm, como adoita ser nas mellores obras do pintor, atópase firmada e datada, xa que Coxcie, seguindo unha práctica que acostuma a repetir nos seus traballos despois de cumprir os setenta, expresa tamén, precedida da habitual fórmula *Aetatis Suae*, a súa idade, 84 anos, o que nos permite datala en 1583.

É agora cando, por primeira vez, se puido identificar a presenza deste singular testemuño no cadro.

A inscrición está situada na zona inferior esquerda, sobre unha rocha pintada no primeiro termo e, a transcrición da mesma que no seu momento ofreceu Ollero foi

¹⁸ Sánchez Meco, G., “La Real Casa de El Quexigal: historia, construcciones y artífices” en *Reales Sitios*, nº 79, 1984, pp. 37-44; Ramírez Altozano, J.J., *Historia de los bosques Reales de San Lorenzo del Escorial*, Madrid, 2009

¹⁹ Aubersón, L.M., *La finca de “El Quexigal”, Fundación de Felipe II -anexa al Monasterio de El Escorial- segunda estación espacial, en Robledo de Chavela”* en ABC, Madrid, 24-8-1965, pp. 21-22; Tovar Martín, V. y Marín Tovar, C.: *El Palacio Parcent*. Madrid, 2009, pp. 119-120.

²⁰ *El Quexigal. La casa y su contenido propiedad de la familia Hohenlohe*. Sotheby’s Parke Bernet & Co. Sucursal en España. Subasta del 25 al 27 de mayo de 1979 en El Quexigal, Madrid-Ávila.

²¹ Ollero Butler, J., *op. cit.*, páx.184, fig.14.

incompleta, sen dúbida, polas dificultades que presentaba a súa lectura nesa zona baixa, especialmente, escurecida polo tempo²². Sen embargo, unha primeira análise do lenzo ó seu ingreso no el Museo e co inicio da súa necesaria restauración, na que está prevista a limpeza e reparación dalgúns desgastes e abrasións que presenta a súa capa pictórica²³, permitiunos descubrir a presenza dos signos que ata este momento permanecían inéditos, e aínda a falta dun estudo máis profundo, podemos ler: *MICHEL/COXCIE A ETA/SVAE 84*.



Esta información que, sitúa la cronoloxía da obra en 1583, permítenos confirmar que, *O tributo ó César*, é un traballo tardío, exemplo característico da produción da última etapa vital do artista. Un extremo cara ó que xa apuntaban algunhas imprecisións na factura e, especialmente, o énfase en mostrar intensificada a influencia italiana, un aspecto que o pintor acrecenta a partir da década de 1570.

²² Ollero Butler, que apunta a posibilidade de que gran parte dos trazos da inscrición se tiveran perdido definitivamente, transcribe: *MICHEL/COX/SV*, en *op. cit.*, páx. 184.

²³ A intervención vai ser realizada por Ricardo Ferreiro Silva, restaurador do Museo de Pontevedra.

Coxcie aborda aquí una escena do Novo Testamento, a parte da Biblia que interpreta máis frecuentemente. Reproduce a pasaxe evanxélica citada por Mateo (22:17-24) e Lucas (20: 20-26) no que se narra o episodio no que Xesús pronuncia unha frase que se considera o fundamento teolóxico da separación entre poder humano e poder divino: *Pagade pois ó César o que é de César, e a Deus o que é de Deus.*




Este tema, no que se exalta a actitude de Xesús que, ó ordenar o pago do tributo, establece como norma ética para os bos cristiáns o cumprimento das leis civís, resultaría, sen dúbida, moi do agrado de Felipe II, monarca universal e novo César. De feito, na Entrega realizada polo Rei en 1574 a El Escorial relaciónase outro cadro co mesmo asunto, *O tributo da moeda* pintado por Tiziano cara a 1568 que, actualmente, se atopa na National Gallery de Londres²⁴.

En *O tributo ó César*, Coxcie, como bo romanista, recorre ó aprendido en Italia e realiza unha composición manierista, intensamente rafaelesca —coa indiscutible evocación da pintura das Estancias Vaticanas ou dos *Desposorios da Virxe*— que mostra tamén evidentes similitudes con obras súas anteriores como a *Santa Cea* do Institut de St. Nicolás de Frères de Nôtre Dame de la Misericorde (Anderlecht) ou coa *Última Cea* dos Musées Royaux des Beaux-Arts de Belgique (Bruxelas)²⁵.

²⁴ Bonaventura Bassegoda i Hugas, B., *op. cit.*, pp. 123-124.

²⁵ Ollero Butler, J., *op. cit.*, páx. 184.

Con gran maestría na utilización da cor, de ricas e variadas gamas cromáticas, sitúa episodio ante unha efectista arquitectura clásica de arraigo italiano, una loxa con columnas e pilastras de mármore vermello, decorada con relevos mitolóxicos, que permite a visión en perspectiva dun templo rematado cunha grande cúpula octogonal. A arquitectura, lixeiramente descentrada cara á esquerda, deixa na parte dereita do cadro a visión dunha paisaxe de ceo nubrado que nos remite á tradición nórdica.



En primeiro termo, Coxcie presenta á dereita a Xesús no momento no que tres fariseos, ricamente vestidos á flamenca, preguntanlle se é lícito pagar o tributo ó César e, un deles, situado á esquerda y lixeiramente máis adiantado cos outros dous, móstralles a moeda. Ese enfrontamento de posturas repítese tamén nas figuras que asisten á conversación desde o segundo termo, os apóstolos detrás de Xesús, na parte dereita e, desde a esquerda, os discípulos fariseos.

No extremo esquerdo do lenzo, no primeirísimo termo, destaca un dos acompañantes fariseos. Seguindo un habitual recurso manierista, que se observa tamén nalgunhas figuras situadas nos laterais do cadro, a imaxe aparece cortada. En escorzo e de costas ó espectador, o home, que apoia o seu pé dereito sobre unha rocha para axustarse a bota, presenta unha acusada robustez escultórica na súa anatomía que, acentuada polo xibón vermello que se cingue ós músculos do seu lombo, manifesta a inspiración en Miguel Anxo.

Xunto ó intenso naturalismo nas variadas actitudes dos personaxes, todos eles atentos á conversación, con rostros individualizados que son verdadeiros retratos, o pintor reafirma o protagonismo de Xesús. En El, Coxcie destaca a elegancia do seu porte e un rostro sereno, que lembra ó do *Cristo en Casa de Marta e María* do Hospital Tavera de Toledo, no que mostra os ecos da pintura veneciana²⁶.

A casualidade fai que a xenerosa doazón de *O Tributo ó César*, que contribuíu a completar a importante colección de pintura flamenca do Museo, coincida coa preparación no M-Museum de Lovaina (Bélxica), da primeira exposición monográfica dedicada ata a data ó seu autor. Esta mostra, baixo o título de *Michiel Coxcie. O Rafael flamenco*²⁷, permitirá nos vindeiros meses, analizar por primeira vez, en conxunto, os diversos aspectos da vida e o traballo deste polifacético y prolífico mestre e da súa significación na posterior evolución da arte flamenca.

M^a Ángeles Tilve Jar

Conservadora do Museo de Pontevedra

²⁶ Ollero Butler, J., *op. cit.*, páx.184, fig.13.

²⁷ A exposición, comisariada polo profesor Koenraad Jonckheere, especialista da Universidade de Gante, celebrarase na sede do M.Museum de Lovaina do 31 de outubro de 2013 ó 23 de febreiro de 2014 (<http://www.mleuven.be/en/coxcie>; <http://www.hoyesarte.com/sin-categoría/michiel-coxcie-rafael-flamenco>).